

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O  
INSTITUTO GALEGO DE ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN INTERNACIONAL (IGADI) PARA  
“TECER PONTES CO MUNDO, CONSTRUIR PONTES COA LUSOFONÍA”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POR:



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O INSTITUTO GALEGO DE ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN INTERNACIONAL (IGADI) PARA “TECER PONTES CO MUNDO, CONSTRUIR PONTES COA LUSOFONÍA”.

No Pazo Provincial, na data da sinatura electrónica

#### INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que se lle atribúen no artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Da outra, D. Daniel González Palau, na súa condición de Director do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (en adiante IGADI), con CIF nº G36741049, con sede na cidade de Pontevedra, Centro Cívico SUR, rúa Luís Braille nº 40, CP 36003, actuando en nome e representación da entidade, no uso das atribucións que lle confire o artigo 23 dos seus Estatutos.

E Carlos Cuadrado Romay, actuando en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ambas as dúas partes recoñécense con capacidade para a formalización deste convenio en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas; e para estes efectos, de común acordo,



## EXPOÑEN

I. Os convenios das administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como se establecen nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e nos artigos 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

II.- Que o art. 36.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe competencias ás deputacións en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, ou prestar asistencia e cooperación económica aos concellos. Pola súa parte, o art. 109 da LALGA atribúelles ás deputacións competencias de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, e en xeral no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, de xeito que cabe subsumir nas ditas materias, formas específicas de cooperación económica como a concesión de subvencións recollida no art. 114.c) da LALGA, ou, segundo prescribe o art. 118 do mesmo texto, organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

III. Pola súa parte, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, se lle atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio.

IV. Que o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, IGADI ([www.igadi.org](http://www.igadi.org)) é unha entidade independente de partidos, empresas ou institucións, que dende a súa fundación en 1991, naceu para construír un *think tank*



de relacións internacionais. Nos seus 31 anos de historia, o IGADI tivo un importante papel no desenvolvemento da acción exterior oficial galega.

V. O IGADI e a Deputación xa colaboraron no 2022 da man do convenio de colaboración “para conectar á Deputación de Pontevedra coa acción exterior de Galicia” coa finalidade de coñecer os eixos tradicionais e actuais da entidade en materia de acción exterior e proxección internacional no territorio. No marco deste convenio realizouse o estudo *“A Deputación de Pontevedra e a acción exterior de Galicia”*, as Xornadas *“Galicia na lusofonía dos anos 20”* (3 e 4 de novembro 2022) e a Gala *“A República dos sonhos: non somos o mesmo país, pero non somos estranxeiros”* (21 de xaneiro 2023).

VI. O 28 de setembro de 2023 anunciouse por parte da Xunta de Galicia a creación do Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade có obxecto de revalorizar o galego a nivel internacional e reforzar as relacións có mundo lusófono, o cal conecta a través da fala unha comunidade de máis de 270 millóns de persoas (Decreto 134/2023, de 28 de setembro, polo que se crea e regula o Observatorio da lusofonía Valentín Paz Andrade). Galicia mantén fortes lazos coa lusofonía, especialmente coa zona norte de Portugal, polo que débese seguir aproveitando esta enorme vantaxe lingüística para estreitar relacións a nivel cultural, económico ou educativo co mundo de fala portugués. A importancia dunha acción exterior da Deputación de Pontevedra, especialmente respecto ao norte de Portugal, consensuada e planificada entre todos os actores implicados é un elemento chave para a recuperación económica e para a proxección exterior da provincia. Ademais, as actividades do convenio enmarcaranse na renovada Estratexia Galega de Acción Exterior 2023-2027, xa aprobada polo Consello da xunta e actualmente en proceso de oficialización coa aprobación da mesma no Parlamento de Galicia.

VII. O obxectivo xeral deste convenio, “Tecer pontes co mundo, construír pontes coa lusofonía”, é o de mellorar a proxección internacional da Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia reforzando a acción exterior de Galicia. Por detrás deste



obxectivo xeral, identifícanse dous obxectivos específicos, que poderán ser avaliados ao final do proxecto por medio de indicadores e fontes de verificación específicas:

- OE1: Actualizar a conexión da Deputación de Pontevedra e a Acción Exterior de Galicia: Diagnose e Boas prácticas.
- OE2: Promover as conexións da Deputación de Pontevedra coa lusofonía.

Neste marco de colaboración, encádrase a proposta deste convenio entre a Deputación de Pontevedra e o IGADI. Polo cal,

#### ACORDAN:

##### Primeira.- Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer unha liña de colaboración mediante a cal a Deputación de Pontevedra outorga unha subvención ao Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI) coa finalidade de financiar os gastos derivados do proxecto “Tecer pontes co mundo, construír pontes coa lusofonía” consistente na actualización e dinamización da conectividade da Deputación de Pontevedra e dos concellos da provincia coa Acción Exterior de Galicia, e de maneira particular nas relacións de Galicia e Pontevedra cos territorios intercontinentais de lingua oficial portuguesa no marco da Acción Exterior española e galega.

Realizaranse actividades en base a dous obxectivos:

1. Actualizar a conexión da deputación de Pontevedra e os seus concellos coa Acción Exterior de Galicia.
  - Actividade 1: Actualizar o estudo *“A Deputación de Pontevedra e a Acción Exterior de Galicia: Diagnose e Boas Prácticas”* realizado no 2022.  
Cronograma: O estudo realizarase durante os meses de outubro e novembro.
  - Actividade 2: Realizar un Webminar para os concellos da provincia de Pontevedra de 2 horas de duración coñezan a natureza da Acción Exterior de Galicia, así como as oportunidades da mesma, de maneira específica na

dinamización de vínculos económicos ou socioculturais cos países de lingua oficial portuguesa.

Cronograma: O webminar realizarase na segunda quincena de novembro, trala entrega do Estudo “A Deputación de Pontevedra e a Acción Exterior de Galicia: Diagnose e Boas Prácticas (2024)”.

2. Promover as conexións da Deputación de Pontevedra coa lusofonía.

- Actividade 3. Realización da 2ª edición da Gala da Lusofonía “A república dos sonhos: Non somos o mesmo país pero non somos estranxeiros”.

Cronograma: 23 Novembro 2024.

Segunda.- Orzamento

O custo total ao que se refiren as actividades programadas é de 15.000 € (quinze mil euros) excluído o IVE, definidas no ANEXO I.

Terceira.- Financiamento

As actuacións ás que se refire este convenio serán financiadas pola Deputación Provincial, que se obriga a sufragar o seu custo ata a cantidade máxima de 13.500,00€, consonte á seguinte distribución:

	Anualidade	Total
Deputación de Pontevedra	2024	13.500,00 €
IGADI	2024	1.500,00 €

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 24/942.9431.489.01 “A entidades sen fins de lucro, Coop. Transfronteiriza\_Cooperación”, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.



No caso de que a actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación, o financiamento reducirase proporcionalmente.

#### Cuarta.- Compromisos da Deputación

O organismo provincial comprométese a:

- Aprobar e comprometer o gasto da subvención prevista nominativamente na modificación de crédito 2/2024 da Deputación de Pontevedra ao Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI) e abonar o importe de 13.500,00 €, de conformidade co disposto no Anexo I, condicionado ó cumprimento dos termos establecidos no presente convenio.
- Tramitar, resolver e notificar o convenio nos termos establecidos no mesmo.

#### Quinta.- Compromisos do IGADI

O IGADI, comprométese a:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- Contar cos permisos e autorizacións necesarias para a realización do obxecto do presente convenio
- Acreditar atoparse ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda Galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación de Pontevedra, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Someterse ás actuacións de comprobación, que leve a cabo o órgano concedente ou entidade colaboradora, no seu caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.



- Outorgar os contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización das actividades programadas.
- Destinar os fondos recibidos ao pagamento dos gastos que se acheguen coa xustificación do gasto presentada. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Para gastos de importe superior a 900,00 € deben utilizarse formas de pago a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago.
- Pagar os gastos nos que incorra o IGADI en relación co desenvolvemento do convenio e que sexan financiados con cargo ao mesmo, dentro do prazo de execución do convenio, e en todo caso, no prazo máximo de 1 mes desde que se reciba o último pagamento de fondos transferidos pola Deputación de Pontevedra.
- Incluír a imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra e facer constar de forma expresa o financiamento da Deputación en todos os documentos e informes que se redacten, nas entrevistas e encontros que se celebren e nas publicacións divulgativas que se deriven das mesmas, así como na publicidade que con tal motivo se faga.
- Cumprir cos demais supostos previstos neste convenio ou calquera outra obriga prevista no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Sexta.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberáselle de dar publicidade á subvención outorgada neste convenio, nos termos e condicións establecidos na dita lei. Por outra banda, consonte co disposto no artigo 20 da Lei





38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, remitirase a Base de Datos Nacional de Subvencións a información correspondente á achega económica outorgada, nos termos establecidos na citada norma.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ó IGADI será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na páxina Web da Deputación (<http://www.depo.gal/>).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

#### Sétima.- Compatibilidade con outras subvencións

1. Conforme ao disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. Porén o importe da subvención en ningún caso poderá ser da tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total da actividade subvencionada.

#### Oitava.- Xustificación da subvención

A documentación xustificativa a presentar polo IGADI, previa á realización do pago, será a seguinte:

- Conta xustificativa que relacione os gastos e os ingresos das actividades subvencionadas;



- Facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo ou os documentos xustificativos pertinentes;
- Na xustificación de ingresos, relacionaranse outras axudas concedidas para a mesma finalidade, así como os importes correspondentes a doazóns, patrocinios e outros ingresos afectados total ou parcialmente á actividade subvencionada;
- Memoria explicativa e detallada das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada, con mención dos resultados obtidos e identificación de asinante;
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais;
- Acreditación da difusión dada á colaboración da Deputación no financiamento da actividade;
- Declaración responsable de que os ingresos e gastos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio; dos ingresos obtidos; e de que as subvencións ou axudas obtidas non superan o custo da actividade;
- Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, na que se indicará de ser o caso, a entidade concedinte, data e importe total concedido;
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio;

Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado no Anexo I non podendo ser estas superiores ao 20% do consignado para ese concepto de gasto no orzamento.

Novena.- Comisión de Seguimento e control

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión



integrada por dous representantes de cada unha das entidades asinantes, un dos cales terá carácter técnico. Por parte da Deputación, será D. Roberto José Álvarez Carrero, o Deputado de Cooperación Transfronteiriza e Relacións Institucionais e o técnico que designe. Pola parte do IGADI, será D. Daniel González Palau, Director do Instituto Galego de análise e Documentación Internacional e o técnico que designe. Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do seu contido.
- A coordinación entre as partes asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, proponer ás partes a resolución das mesmas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das entidades asinantes.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.
- A emisión de informe en relación coa necesidade do axuste das anualidades do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.



Décima.- Vixencia do convenio e prazo de xustificación.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actividades ás que o mesmo se refire, que en todo caso non excederá do 30/11/2024.
2. Unha vez rematadas as actividades, o IGADI deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula oitava no prazo máximo de quince días contado a partir da finalización daquelas.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á asociación para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao IGADI da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 25ª (6ª a 7ª) de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo IGADI na documentación achegada.

Décimo primeira.- Extinción do convenio

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1. O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
2. O acordo unánime dos asinantes.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.



Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
5. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

#### Décimo segunda.- Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá levar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación, de conformidade co disposto na Bases de Execución do Orzamento da Deputación, seguirase o disposto nos artigos 36 a 43 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 a 101 seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

#### Décimo terceira.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o IGADI poderá ser escollida pola Intervención provincial



para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do consello de Contas de Galicia, o IGADI queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

3. Así mesmo, este Convenio sométese ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas. Deste xeito, o Convenio deberá ser obxecto de comunicación ao Tribunal de Contas, con inclusión na relación certificada a remitir anualmente ao referido Tribunal.

Décimo cuarta.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, Xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de Execución do orzamento da Deputación de Pontevedra. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á Presidencia da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.



E para que conste, para os efectos oportunos e en proba de conformidade, as partes asinan este protocolo de colaboración por duplicado e a un só efecto, na data e lugar sinalados na cabeceira.

O Presidente da  
Deputación de Pontevedra

Asdo.: Luis López Diéguez

O Director do  
Instituto Galego de Análise Internacional

Asdo.: Daniel González Palau

O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O INSTITUTO GALEGO DE ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN INTERNACIONAL (IGADI) PARA “TECER PONTES CO MUNDO, CONSTRUIR PONTES COA LUSOFONÍA”

ANEXO I

PREVISIÓN DE GASTOS	CUSTO	CUSTO SUBVENCIONABLE (90%)
<b>CUSTOS DE EXECUCIÓN (A) material funxible, inventariable, viaxes e dietas, etc.</b>		
Manutención (Aloxamentos e comidas)	900,00 €	810,00 €
Desprazamentos	400,00 €	360,00 €
Materiais xornadas (Programas, escenografía, xornadas, plotter, ...)	900,00 €	810,00 €
<b>PAGOS A PERSOAL (B) persoal colaborador, contratacións externas, etc.</b>		
Imputación ao 50% durante 3 meses (setembro, outubro, novembro) da nómina do director do IGADI pola actualización do estudo "A Deputación de Pontevedra e a Acción Exterior de Galicia" realización do webminar e coordinación da Gala	3.600,00 €	3.240,00 €
Contratación actualización imaxe gráfica da Gala, web lusofonias.hub.gal e estudo	1.250,00 €	1.125,00 €
<b>Pagos a profesionais para a realización da Gala da Lusofonía:</b>		
5 especialistas x 150 €	750,00 €	675,00 €
1 presentadora xornadas	1.000,00 €	900,00 €
1 guionista	350,00 €	315,00 €
Actuación musical	1.000,00 €	900,00 €
Espectáculo teatral	1.000,00 €	900,00 €
Streaming da Gala	1.675,00 €	1.507,50 €
<b>Contratación de publicidade:</b>		
Redes sociais IGADI	250,00 €	225,00 €
Medios locais	1.550,00 €	1.395,00 €
<b>CUSTOS INDIRECTOS</b>		
Gastos de xestión, servizos de internet e teléfono (Imputación ao 50% durante o desenvolvemento do convenio)	375,00 €	337,50 €
<b>TOTAL, PREVISIÓN DE GASTOS (sen IVE)</b>	<b>15.000,00 €</b>	<b>13.500,00 €</b>

